



CONVENIO ENTRE EL MINISTERIO DE CULTURA, EL MINISTERIO DE HACIENDA, LAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DEL PAÍS VASCO, CATALUÑA, GALICIA, EL PRINCIPADO DE ASTURIAS, CANTABRIA, LA RIOJA, ARAGÓN, LA COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA Y LA COMUNIDAD DE CASTILLA Y LEÓN, PARA LA CREACIÓN DE LA COMISIÓN INTERADMINISTRATIVA DEL ACONTECIMIENTO DE EXCEPCIONAL INTERÉS PÚBLICO “AÑO SANTO JACOBEO 2027”.

MEMORIA TRANSPARENCIA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude formalizou co Ministerio de Cultura, el Ministerio de Hacienda, las Comunidades Autónomas del País Vasco, Cataluña, el Principado de Asturias, Cantabria, La Rioja, Aragón, la Comunidad Foral de Navarra y la Comunidad de Castilla y León o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura por todas as partes intervinientes e ata o 30 de xuño de 2029.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a creación da Comisión Interadministrativa do acontecemento de excepcional interese público «Año Santo Xacobeo 2027», en cumprimento do previsto na Real Decreto-lei 8/2025, do 8 de xullo, polo que se declaran diversas iniciativas e programas como acontecementos de excepcional interese público, en relación co disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

O artigo 1 do Real decreto lei 8/2025, do 8 de xullo, polo que se declaran diversas iniciativas e programas como acontecementos de excepcional interese público, recoñece á celebración do «Año Santo Xacobeo 2027» a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. A duración do programa de apoio a este acontecemento abrangue desde o 1 de xullo de 2025 ata o 30 de xullo de 2028.

A programación que se desenvolverá incluírá todo tipo de acontecementos e actividades culturais, sociais, artísticos, musicais e deportivos, actuacións de investigación, publicacións, proxectos didácticos, así como as iniciativas relacionadas co desenvolvemento turístico, cultural e a acollida aos visitantes e peregrinos no marco da celebración dun evento que constitúe, pois, a mellor oportunidade para promover a nosa comunidade, reforzando a dimensión internacional do Camiño de Santiago.

O artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, sinala que a lei que aprobe os programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público regulará a creación dun consorcio ou a designación dun órgano administrativo que se encargue da execución do programa e que certifique a adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do mesmo, no que necesariamente estarán representadas as Administracións Públicas interesadas no acontecemento e, en todo caso, o Ministerio de Facenda, sendo necesario o voto favorable da representación do devandito Ministerio para a emisión das citadas certificacións. tivos órganos competentes de conformidade co disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro».





Para dar cumprimento a esta disposición, Ministerio de Cultura, o Ministerio de Facenda, e as comunidades autónomas de Cataluña, Euskadi, Galicia, Asturias, Cantabria, La Rioja, Aragón, Navarra e Castela e León asinarán un convenio co fin de crear unha Comisión Interadministrativa encargada das devanditas funcións relacionadas co "Ano Santo Xacobeo 2027".

A Comisión será o órgano encargado do desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades do programa de apoio á celebración do acontecemento de excepcional interese público "Ano Santo Xacobeo 2027", así como da certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do citado programa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

